

REGULAMENTO

V TROFEO SOLIDARIO DE NADAL CELTA ATLETISMO

DÍA

18

MES

12

ANO

2021

HORA

10:00

VIGO

Pistas Municipais de Atletismo de Balaídos

CAMPAÑA DE RECOLLIDA
DE ALIMENTOS NON PERECEDOIROS



+ Info:
www.celtaatletismo.es



ORGANIZA:

COLABORAN:

PATROCINAN:



·ARTIGO 1. Organizadores e obxectivos.

O **Grupo Celta Atletismo**, co patrocinio da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Pontevedra, Abanca, Patrocinadores e a participación da Federación Galega de Atletismo e o Comité Galego de Xuíces, organizará no mes de decembro o **“V TROFEO SOLIDARIO DE NADAL CELTA ATLETISMO”**.

Ás portas do Nadal, tralo parón polas restricións de decembro do ano pasado, volveremos a vivir unha fermosa xornada na que nenos e nenas, mostrarán o seu lado máis solidario doando alimentos non perecedoiros as familias menos favorecidas da nosa cidade. A totalidade de alimentos recollidos, serán entregados a **AFAN** (Asociación Freixeiro - Ayuda al Necesitado. C/ Pastora, 44. Vigo).

·ARTIGO 2. Data e instalación.

O **“V TROFEO SOLIDARIO DE NADAL CELTA ATLETISMO”** terá lugar o vindeiro sábado 18 de decembro a partires das 10:00 horas nas Pistas Municipais de Atletismo de Balaidos (Vigo).

·ARTIGO 3. Control técnico da proba e cronometraxe.

A competición estará controlada polo Comité Galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo e formará parte do seu calendario oficial. Haberá cronometraxe eléctrica e todo o reflectido no presente regulamento rexeráse polas normas vixentes da FGA, RFEA e IAAF.

·ARTIGO 4. Protocolo de Seguridade Covid-19.

A competición levarase a cabo a partires da nova actualización do **PROTOCOLO FISICOVID - DXT GALEGO** establecido pola Secretaría Xeral Para o Deporte e a Federación Galega de Atletismo, onde se establecen as novas medidas de seguridade sanitaria para o atletismo galego (02 de decembro de 2021, <https://atletismo.gal/2021/12/02/novas-adaptacions-ao-protocolo-covid19/>).

·ARTIGO 5. Inscripción e entrega do dorsal.

Poderán participar todos aqueles nenos e nenas de clubs e centros escolares de categoría Sub-8 ata a categoría Sub-16 **con licenza federativa**. A inscrición farase a través do sistema online da web da RFEA: <https://isis.rfea.es/sirfea2/>. O prazo de inscrición rematará o xoves 16 de decembro ás 20:00 horas. Os dorsais serán facilitados pola organización na zona de secretaría (confirmación individual) o mesmo día da competición con 40 minutos de antelación sobre a proba na que se participe. Entregarase un único dorsal que irá colocado na parte dianteira da camiseta totalmente visible.

No momento de recoller o dorsal, os/as participantes das categorías **Sub-8, Sub-10, Sub-12 e Sub-14** deberán entregar a **Declaración Responsable**. Pola súa banda, os/as participantes de categoría **Sub-16** deberán amosar ou ben un **Certificado de Vacinación, ou un Test de Antíxenos ou unha PCR negativa** cunha antelación máxima de 72 horas á celebración da proba. Ademais, todos/as eles/as poderán entregar a **súa doazón de alimentos non perecedoiros** á organización.

·ARTIGO 6. Categorías de competición e programa de probas.

CATEGORÍAS	ANO DE NACEMENTO	PROBAS	PARTICIPANTES (2)
Sub-8	2014 e anteriores	80m (1)	32
Sub-10	2012 – 2013	50m, 500m, lonxitude e peso	32 (carreiras) - 20 (concursos)
Sub-12	2010 – 2011	60m, 500m, lonxitude e peso	32 (carreiras) - 20 (concursos)
Sub-14	2008 – 2009	60m, 500m, lonxitude e peso	32 (carreiras) - 20 (concursos)
Sub-16	2006 – 2007	60m, 600m, altura e peso	32 (carreiras) - 20 (concursos)

(1) Proba non oficial.

(2) Terán preferencia os/as atletas da Escola Celta Atletismo e os Clubs Asociados do Grupo Celta Atletismo.

ORGANIZA:

COLABORAN:

PATROCINAN:



• ARTIGO 7. Premios.

Nesta edición por motivos de seguridade, unicamente os nenos e nenas de categoría Sub-8 recibirán a súa medalla conmemorativa.

• ARTIGO 8. Servizos médicos e outros servizos.

A proba disporá de servizo asistencial. Todos/as os/as atletas participantes estarán cubertos por un seguro deportivo de accidentes.

• ARTIGO 9. Reclamacións.

Todas as reclamacións deberán facerse verbalmente ao xuíz árbitro da competición, non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos resultados oficiais que serán colocados no taboleiro oficial da organización.

• ARTIGO 10. LOPD.

Todos/as os/as atletas, o realizar a inscrición, aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e internet.

• ARTIGO 11. Horario.

CARREIRAS (3)	HORARIO	CONCURSOS (4)
60m. Sub-16 Mulleres	S1. 10:00h - S2. 10:02h S3. 10:04h - S4. 10:06h	Lonxitude Sub-12 Mulleres (5) Lonxitude Sub-12 Homes Peso Sub-14 Mulleres Peso Sub-14 Homes
60m. Sub-16 Homes	S1. 10:08h - S2. 10:10h S3. 10:12h - S4. 10:14h	
60m. Sub-14 Mulleres	S1. 10:16h - S2. 10:18h S3. 10:20h - S4. 10:22h	
60m. Sub-14 Homes	S1. 10:24h - S2. 10:26h S3. 10:28h - S4. 10:30h	
60m. Sub-12 Mulleres	S1. 10:32h - S2. 10:34h S3. 10:36h - S4. 10:38h	Altura Sub-16 Mixto (6)
60m. Sub-12 Homes	S1. 10:40h - S2. 10:42h S3. 10:44h - S4. 10:46h	
50m. Sub-10 Mulleres	S1. 10:48h - S2. 10:50h S3. 10:52h - S4. 10:54h	
50m. Sub-10 Homes	S1. 10:56h - S2. 10:58h S3. 11:00h - S4. 11:02h	
80m. Sub-8 Mulleres	S1. 11:04h - S2. 12:06h S3. 11:08h - S4. 11:10h	Lonxitude Sub-14 Mulleres Lonxitude Sub-14 Homes Peso Sub-16 Mulleres Peso Sub-16 Homes
80m. Sub-8 Homes	S1. 11:12h - S2. 11:14h S3. 11:16h - S4. 11:18h	
600m. Sub-16 Mulleres	S1. 11:20h - S2. 11:24h S3. 11:28h - S4. 11:32h	
600m. Sub-16 Homes	S1. 11:36h - S2. 11:40h S3. 11:44h - S4. 11:48h	
500m. Sub-14 Mulleres	S1. 11:52h - S2. 11:56h S3. 12:00h - S4. 12:04h	
500m. Sub-14 Homes	S1. 12:08h - S2. 12:12h S3. 12:16h - S4. 12:20h	Lonxitude Sub-10 Mulleres Lonxitude Sub-10 Homes Peso Sub-10 Mixto / Peso Sub-12 Mixto
500m. Sub-12 Mulleres	S1. 12:24h - S2. 12:28h S3. 12:32h - S4. 12:36h	
500m. Sub-12 Homes	S1. 12:40h - S2. 12:44h S3. 12:48h - S4. 12:52h	
500m. Sub-10 Mulleres	S1. 12:56h - S2. 13:00h S3. 13:04h - S4. 13:08h	
500m. Sub-10 Homes	S1. 13:12h - S2. 13:16h S3. 13:20h - S4. 13:24h	

(3) **INSCRICIÓN.** Cada atleta só poderá inscribirse nunha carreira e nun concurso. Permitirase a participación dos/as atletas de segundo ano que en xaneiro troquen de categoría nas probas que soliciten a súa inscrición.

(4) **CONCURSOS.** Haberá tres intentos.

(5) **LONGITUDE.** Táboa de 1 metro para as categorías Sub-10 e Sub-12. Táboa de 2 metros para a categoría Sub-14.

(6) **ALTURA.** Inicio en 1,20cm e cadencia de 5cm en 5cm.

Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o atleta consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de Accidentes e Responsabilidade Civil, así coma a xestión da licenza de día e o Ranking Galego de Pista ao Aire Libre. En todo caso e tal como establece a Lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo, Avda. de Glasgow 13 – 15008. A Coruña.

ORGANIZA:

COLABORAN:

PATROCINAN:

